



Xosé Antón Ledo Pan, M^a Belen Rodriguez Camiñas e Jose Manuel Mariño Mourenza, coma concelleiros do BNG na Corporación Municipal de Taboada, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN REFERENTE O COBRO DOS RECIBOS TRIMESTRAIS DA AUGA DE 3 EN 3 O LONGO DE 2011 POR DECRETO DA ALCALDÍA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Alcalde confirmou no último pleno de febreiro, a preguntas do BNG, que o de chegarlles os veciños e veciñas de Taboada os recibos das entidades bancarias co cobro das taxas da auga de tres trimestres consecutivos (4^o trimestre do 2008 e 1^o e 2^o de 2009) non era algo casual. Xa que aprobou nunha resolución da alcaldía, que para este ano se cobren os recibos todos xuntos ata poñerse o día; segundo aparece publicado no BOP de 31 de decembro de 2010.

O BNG xa amosou no citado pleno a súa desconformidade coa citada resolución e coa súa ocultación os veciños ata o momento do cobro; pois nin se puxeron bandos nin existiu ningunha comunicación previa. Asemade, o BNG rexeita o afán recadador da Alcaldía, nos tempos que corren, cando ata o de agora a xestión deste servizo deixou moito que desexar.

Situacións que se repiten cando está previsto pasar unha nova remesa de recibos polo banco a día de hoxe, 25 de abril de 2011, cos seguintes cargos 3.^o e 4.^o Trimestre do 2009 e 1.^o Trimestre do 2010.

Por todo o exposto, os concelleiros do grupo municipal do BNG que suscreben solicitan do Pleno da Corporación Municipal, coa finalidade de abordar este asunto en tempo e forma, a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Que pola Alcaldía se proceda a tomar as medidas necesarias para que a posta o día dos recibos da auga non sexa tan drástica nin tan gravosa para os veciños. Tomando no Pleno o acordo das medidas alternativas a aplicar; e previa regularización do servizo en canto a calidade e en canto a posta o día do padrón de usuarios do e dos consumos.

Asdo: Xosé Antón Ledo Pan
Portavoz do Grupo Municipal do BNG.

Taboada, 23 de abril de 2011.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE TABOADA



Xosé Antón Ledo Pan, M^a Belén Rodríguez Camiñas e Jose Manuel Mariño Mourenza, coma concelleiros do BNG na Corporación Municipal de Taboada, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes

**PREGUNTAS PARA SER TRATADAS NA VINDEIRA SESIÓN DO PLENO
DA CORPORACIÓN**

PREGUNTAS:

1.- SOBRE A SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (ALBERGUE E RESTAURANTE) DE PONTE MOURULLE:

Despois de meses pedindo o BNG a Tenente de Alcalde o estado das contas entre a concesionaria das instalacións municipais de Ponte Mourulle e o Concello, o sr. Alcalde informou no Pleno ordinario de febreiro que tres días antes dese Pleno decidira requirirle a concesionaria AGAN a cantidade de 18.215,20 € baixo apercibimento de resolución do contrato de concesión, os trinta días.

Pasados xa dous meses dende o mencionado apercibimento os veciños e veciñas de Taboada están interesados en coñecer:

- Como está o convenio da concesión a AGAN a día de hoxe?
- Cobráronse os 18.215,20 € que adebedaban?
- Xa foron postas as contas o día entre os xestores das instalacións e o Concello?

2.- SOBRE AS OBRAS A EXECUTAR NESTE ANO 2011 POLA DEPUTACIÓN E A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL EN TABOADA:

Coma en anos anteriores, procede comunicarlle a inicios de ano a Deputación e a Consellería do Medio Rural as obras que se considera de interese executar no ano en curso para que poidan proceder a súa aprobación e a tramitación dos proxectos.

Coma no Pleno ordinario de febreiro a Alcaldía deu a entender que se traería este asunto o Pleno e na orde do día non figura ningún punto o respecto, é polo que preguntamos:

- Comunicou xa o sr. Alcalde a súa proposta de obras?
- Cales foron os criterios seguidos?, ou, cales son os que se van a seguir?
- Por qué non se busca no Pleno o consenso das actuacións a solicitar?

Taboada, 25 de abril de 2011

Asdo: Xosé Antón Ledo Pan
Portavoz do Grupo Municipal do BNG.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE TABOADA